

CIRCULAR DE XESTIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN CONTINUA 2021

N.º: FC_2/2021

ASUNTO: Convocatoria anual do Plan de Formación ao Agro Galego 2021

1.- ANTECEDENTES

A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao cal lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural segundo os termos sinalados pola Constitución española e o Estatuto de autonomía, na forma establecida no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (en adiante, Agacal), creada mediante o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se aproban os seus estatutos (DOG núm. 102, do 30 de maio), ten as funcións e competencias en materia de formación, investigación e innovación tecnolóxica no ámbito rural.

Correspóndelle polo tanto á Axencia programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal.

Con data do 25 de xaneiro de 2021 publicouse a Circular de programación N.º: FC_1/2021, para a elaboración do Plan de formación continua ao agro galego para o exercicio 2021, e se convoca ás unidades propias da consellería para que presenten propostas de accións formativas para executar no exercicio 2021. Estas propostas son avaliadas e seleccionadas por unha comisión que determinará ademais a contía económica para cada unha das accións formativas aprobadas. A comisión estará formada pola persoa titular da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria da Agacal, que actuará como presidente/a, un/unha funcionario/a do Departamento de Investigación e Transferencia, que actuará como secretario, e tres vogais pertencentes á Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria da Agacal. Nos casos en que no momento da avaliación algún dos seus integrantes non puidese asistir, será substituído polo funcionario/a que para tal efecto propoña o presidente da comisión.

A partir da avaliación da comisión e por proposta desta, mediante resolución do director da Agacal, aprobarase a relación de actividades do Plan, coa súa contía económica e a programación temporal para 2021. A referida aprobación das actividades do Plan estará condicionada pola dispoñibilidade de crédito.

Unha vez aprobado o programa de formación, para unha correcta xestión e desenvolvemento deste, establécense nesta circular unhas normas básicas que cómpre seguir polas unidades impartidoras das accións formativas en canto á súa divulgación, desenvolvemento e xestión económico-administrativa, que facilite o traballo e o cumprimento tamén da normativa comunitaria.



Este Plan de Formación continua finánciase con fondos Feader nun 75 % e enmárcanse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, medida 1, submedida 1.1, prioridade 1C.

2.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta circular debe cumprir coa seguinte normativa:

- Artigo 14, de acordo co Regulamento (UE) nº. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e co Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR) para o período de programación 2014-2020, aprobado pola Unión Europea (UE) mediante a Decisión comunitaria do 18 de novembro de 2015: C (2015) 8144, modificada pola Decisión de execución da Comisión C (2017) 5420 final, do 26 de xullo de 2017, a Decisión de execución da Comisión C (2018) 5236 final, do 30 de xullo de 2018 e a Decisión de execución da Comisión C (2019) 1707 final, do 26 de febreiro de 2019, dentro da medida M01: Accións de transferencia de coñecementos e información.
- Artigo 66 do Regulamento (UE) nº 1305/2013, polo que se deberá recoller e sistematizar a información relativa aos indicadores sobre as operacións seleccionadas para ser financiábeis, incluída a información de indicadores de realización e financeiros.
- Artigo 3 do Regulamento delegado (UE) 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) 1305/2013 e do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e introduce disposicións transitorias.
- Artigo 6 do Regulamento de execución (UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), que foi modificado polo Regulamento de execución (UE) 669/2016, do 28 de abril de 2016, da Comisión.
- Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agraria común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 352/78, (CE) nº 164/94, (CE) nº 2799/98, (CE) 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello e as normativas que o detallan en maior profundidade:
- Regulamento delegado (UE) nº 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos



pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade.

- Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, que establece disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, ás medidas de desenvolvemento rural e á condicionalidade.

Ademais, haberá que ter en conta a Circular do 25 de xaneiro de 2021 de programación e o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

En canto a normativa para a contratación a empresas das actividades docentes, temos que ter en conta os seguintes artigos:

No caso de que o persoal colaborador docente sexan persoas xurídicas, dado que se estableceu a xestión dos gastos con cargo a libramentos a xustificar, unicamente se podería acudir á modalidade de contratos menores (art. 118). Calquera outra modalidade de contratación (procedemento aberto (art. 156-158) , procedemento aberto simplificado (PAS) e simplificado abreviado (PASS) (art. 159)), requiriría a fiscalización previa do custe da actividade formativa e polo tanto, non poderá desenvolverse a través desta circular.

O artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; establece o seguinte:

1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 15.000 € (+ive) cando se trate de contratos de servizos.
2. Nos contratos menores a tramitación do expediente exixirá a emisión dun **informe** do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a **necesidade** do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación do umbral descrito no apartado anterior.
3. O disposto no apartado anterior non será de aplicación en aqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, sempre e cando o valor estimado do contrato no exceda de 5.000 euros.

Por outra parte, tamén hai que ter en conta o artigo 310 da citada Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; que establece o seguinte:

1. Nos contratos que teñan por obxecto a prestación de actividades docentes en centros do sector público desenvoltas en forma de cursos de formación ou perfeccionamento do persoal ao servizo da Administración ou cando se trate de seminarios, coloquios, mesas redondas, conferencias, colaboracións ou calquera outro tipo similar de actividade, sempre que ditas actividades



sexan realizadas por persoas físicas, as disposicións desta Lei non serán de aplicación á preparación e adxudicación do contrato.

2. Para acreditar a existencia dos contratos a que se refire este artigo, bastará a designación ou nomeamento por autoridade competente (Anexo II).

3.- DIVULGACIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS E OBRIGA DA DIVULGACIÓN DAS FONTES DE FINANCIAMENTO

O programa de formación farase público a través dos diferentes medios de difusión existentes na páxina web da Consellería de Medio Rural: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/formacion/formacion-continua/plan-de-formacion-2021> e redes sociais de AGACAL.

Cada unidade impartidora, cos medios de comunicación e de cartellaría ao seu alcance, divulgará as accións aprobadas a toda a poboación interesada do seu ámbito territorial de actuación, con mención ao seu cofinanciamento polo fondo europeo Feader. A cartelería da publicidade deberá conter o formato, logos e contido segundo o establecido no modelo que figura no enlace web da Consellería. **O cartel divulgativo** realizado para a promoción da actividade deberá ser enviado dixitalmente a través do correo electrónico transferenciatecnoloxica.cmr@xunta.gal xunto cunha breve memoria explicativa, co fin de axudar na súa divulgación a través da páxina web da Consellería do Medio Rural e redes sociais da AGACAL.

O nome do arquivo será:

UNIDADE ADMINISTRATIVA - "FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(Cartel divulgativo).pdf"

Posto que os cursos aprobados do Plan de Formación continua para o agro galego son cofinanciados polo Feader nun 75 % e polo Estado e a Comunidade Autónoma na porcentaxe restante, é obrigatorio que os documentos empregados no procedemento, especialmente os que vaian dirixidos ao público, así como calquera documento divulgativo, publicación ou material didáctico específico que se elabore para estes, figuren:

- O logotipo da bandeira da Comunidade Económica Europea e a referencia directa á procedencia do fondo do gasto Feader coa inclusión do lema "Europa inviste no rural", consonte o Regulamento (CE) nº 1974/2006 da Comisión.
- O logotipo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA).
- O logotipo da Xunta de Galicia, unido ao nome da Consellería do Medio Rural, consonte o Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.



- O anagrama da marca turística de Galicia, segundo o Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización.
- O anagrama da marca Xacobeo 2021-2022, segundo o Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021.
- No **cartel divulgativo** poderán colocarse os logos das entidades colaboradoras. Os logos deberán de ir colocados conforme o modelo publicado no enlace web da Consellería (<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/formacion/formacion-continua/plan-de-formacion-2021>).
- Ademais, nos locais de impartición dos cursos figurará, un **cartel cofinanciación** como o modelo que figura no enlace web da Consellería (<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/formacion/formacion-continua/plan-de-formacion-2021>).

Os carteis localizaranse sempre nun lugar visible, na entrada ou no interior do local como mínimo, e permanecerán expostos ao longo da celebración do curso. Así mesmo, informárase ás persoas participantes da acción das fontes e da porcentaxe de financiamento por parte da UE (o 75% no presente exercicio) e tamén da obriga do/a beneficiario/a en cuestión de publicidade, establecidas no Anexo III do Regulamento(UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, modificado polo Regulamento de execución (UE) 2016/669 da Comisión do 28 de abril de 2016 (DOUE do 29.04.2016).

4.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DAS PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES

Trala aprobación do Plan de Formación continua 2021, as persoas interesadas na formación ofertada poderán enviar á unidade organizadora da actividade formativa a solicitude, empregando o formulario normalizado [Anexo I_Solicitud de accións formativas agroforestais 2021](#), dispoñible na web da Consellería do Medio Rural:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/formacion/formacion-continua/plan-de-formacion-2021>

ou na oficina virtual de medio rural:

<https://ovmediorural.dev.xunta.local/gl/consultas-publicas/acciones-formativas>

As solicitudes presentaranse preferentemente por SEDE ELECTRÓNICA, procedemento **PR004A**¹.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A&ano=2017&numpub=1&lang=gl>

Opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común ou por calquera outro medio que habilite o coordinador da actividade e que deixe constancia da mesma (ex: correo electrónico), utilizando o formulario normalizado dispoñible na web da Consellería do Medio Rural.

¹ **PR004A- (Da Área: PR-PRESIDENCIA, ADMÓNS)** Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento como é o caso do Plan de formación continua do 2021.



As solicitudes poderán presentarse ata o día anterior ao inicio do curso pero non con anterioridade a Resolución de aprobación do Plan de formación. No caso de entrega de material, as solicitudes de asistencia presentadas cunha antelación inferior ós 5 días naturais da data de inicio do curso, non terán porqué ter dereito á entrega do mesmo.

As solicitudes orixinais de participación serán con carácter xeral, rexistradas polas unidades onde se presenten, que serán quen as envíen posteriormente ás unidades impartidoras das accións formativas.

5.- DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA PREVIO INICIO DA ACTIVIDADE FORMATIVA.

Antes de comunicar o inicio do curso, cando se teña unha previsión das datas e horario de impartición, a unidade impartidora enviará a través do REXEL os seguintes documentos de cara a realizar o nomeamento dos docentes e aprobar os gastos previstos (agás o cartel divulgativo que se enviará a a transferenciatecnologica.cmr@xunta.gal).

- Cartel divulgativo e memoria explicativa
- Anexo II: Proposta do persoal docente colaborador.
- Anexo IV: Memoria proposta gastos xerais.

A proposta do persoal docente colaborador será aprobada polo Director da AGACAL quen coa súa sinatura designará ós docentes, para acreditar a existencia dos contratos a que se refire este artigo 310 da Lei de contratos do Sector público.

A unidade enviará o Anexo II e IV debidamente cuberto poñendo como ""INTERESADO/ASUNTO"" :
UNIDADE ADMINISTRATIVA - "FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(2) e (C)(4)"

EXEMPLOS:

- OAC ARZÚA - "FC2021F115001C2 e C4"
- OAC A FONSAGRADA - "FC2021F127001C2 e C4"
- OAC A GUDIÑA - "FC2021F132001C2 e C4"
- OAC A CAÑIZA - "FC2021F136001C2 e C4"

O nome do arquivo de "Anexo II_Proposta do persoal docente colaborador" a engadir no REXEL será:

" FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(2).pdf "

O nome do arquivo de "Anexo IV. Memoria Proposta Gastos Xerais" a engadir no REXEL será:

" FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(4).pdf "



Unha vez realizado o nomeamento, aprobados os gastos e sempre que se conte co mínimo de 10 solicitudes de asistencia de acordo coa tipoloxía do alumnado final, a unidade impartidora poderá xa enviar a través do REXEL a comunicación de inicio e cunha antelación mínima de 5 días naturais.

- Anexo VI: Comunicación de inicio de curso

A unidade enviará o Anexo VI debidamente cuberto poñendo como ""INTERESADO/ASUNTO"":

UNIDADE ADMINISTRATIVA -"FC(Año da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(6)"

EXEMPLOS.

- . OAC ARZÚA - "FC2021F115001C6"
- . OAC A FONSAGRADA - "FC2021F127001C6"
- . OAC A GUDIÑA - "FC2021F132001C6"
- . OAC A CAÑIZA - "FC2021F136001C6"

O nome do arquivo de "Anexo VI comunicación de inicio" a engadir no REXEL será:

"FC(Año da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(6).pdf"

O envío de todos os informes farase polo REXEL: **Envíos/XUNTA./Xestión de envíos en Xunta /PR004A**

- Área: PR-Presidencia, Admóns
- Procedemento: 004A-presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado.
- C. destino: MR-Medio Rural
- Unidade: A12X00400-Departamento de Investigación e Transferencia

5.1.- PLATAFORMA CUAGRO

CUAGRO, a plataforma dispoñible para a xestión das accións formativas dependentes da Consellería de Medio Rural, ofrece a posibilidade de agregar os datos necesarios para descargar estes informes completos co fin de proceder ao seu envío por REXEL. Nesta plataforma as persoas coordinadoras das accións formativas completarán os datos correspondentes a cada curso, polo que as persoas coordinadoras deberán estar dadas de alta na plataforma.


Para darse de alta enviarán, preferentemente ao correo electrónico, transferenciatecnologica.cmr@xunta.gal, ou polo REXEL. :Envíos/XUNTA./Xestión de envíos en Xunta/PR004A a seguinte información:

- Usuario do dominio Xunta\
- Nome e Apellidos
- NIF



- Unidade impartidora

O acceso realízase a través do seguinte enderezo web: http://iisprod/cursos_agroforestais/. O despregable dispoñible no lateral esquerdo permítenos acceder a cada curso premendo en Xestión de accións formativas > Xustificación.



Unha vez en Xustificación, a plataforma permite filtrar por número de código da actividade formativa, convocatoria, tipo de actividade e centro.



Tras o filtrado, e premendo dobre click sobre a actividade, accedemos a pestana de Edición Actividade (Inicio > Accións formativas > Xustificación > Edición Actividade).



Este apartado conta con distintas pestanas nas que os coordinadores/as das actividades formativas deben completar antes do inicio do curso con todos os datos que a continuación se describen:

- **Actividade:** Completar todos os datos correspondentes á actividade formativa que non están pregravados na plataforma CUAGRO.

O *Tipo de Curso* será *Esixible* só naquelas formacións nas que se emita un certificado ou carné que acredite a capacidade adquirida na formación. Por exemplo: aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios, bienestar animal, aptitude empresarial agraria, etc.

No apartado *Estado* aparecen catro opcións:

- **“En programación”** : Todas as accións formativas que foron aprobadas dentro do plan de formación.
- **“Confirmado”**: Todas as accións formativas que unha vez que dispoñen do nomeamento dos docentes por parte da Dirección da AGACAL e da aprobación da relación de gastos xerais, enviaron a comunicación de inicio.
- **“Aprazado”**: cando a acción formativa se apraza por algunha causa xustificada.
- **“Anulado”**: cando non se vai a realizar a acción formativa de xeito definitivo.

É fundamental **“Gravar actividade”** unha vez cubertos os datos seguintes (Non se aplica neste momento a opción “Validar Actividade”, xa que corresponde á xustificación da actividade unha vez finalizada esta):

- **Horarios/módulos formativos:** Desagregar por días o número de horas impartidas e horarios. Indicar ademais a data de inicio e finalización da actividade así como o número de horas totais.
- **Ficha:**



- **Resumo do programa:** Deberá figurar unha relación dos temas a tratar e o nº de horas por tema.
- **Obxectivos:** Deberá indicarse o obxectivo ou obxectivos que se pretenden acadar coa formación.
- **Alumnos:** Deben engadirse nesta pestaña os asistentes. Indispensable completar todos os datos relacionados cos datos persoais (NIF/NIE/PASS, Apelidos e Nome) así como a renuncia, transporte e capacitación (seleccionar *Participante* agás nos casos de cursos clasificados como Esixibles nos que se seleccionará a opción *Certificado o carné*). Os datos dos asistentes deben encherse en “**Datos mestres Alumnos**”
- **Profesores:** Deben engadirse nesta pestaña os profesores e coordinadores da formación, completando os datos das horas de docencia, importe total ou parcial da coordinación, a actualización do IBAN, etc. Os datos do persoal colaborador deben encherse en “**Datos mestres Profesores**”
- **Provedores/Facturas:** O coordinador incorporará provisionalmente os datos da/s factura/s proforma (número, data, provedor, IBAN, IVE e **EXCEPCIONALMENTE NALGUNHAS o IRPF**) e o Desglose de Facturas (cadro inmediatamente inferior) no que se incorporarán os diferentes conceptos identificados nas facturas. Cando se dispoña da factura definitiva os datos deben de actualizarse en CUAGRO para efectos da xustificación económica.
- **Informes:** A plataforma permite exportar os informes cos datos correspondentes a cada acción formativa. Os informes dispoñibles e necesarios para realizar o envío da documentación requirida antes do inicio da actividade son:
 - Anexo II: Proposta do persoal docente/colaborador.
 - Anexo IV: Memoria proposta Gastos Xerais.
 - Anexo VI: Comunicación de inicio Curso

5.2. ELABORACIÓN E ENVÍO DOS INFORMES

INFORME ANEXO II_PROPOSTA DO PERSOAL DOCENTE COLABORADOR

Respecto aos **gastos do persoal colaborador e coordinación**, esta partida comprende os gastos do persoal colaborador que imparte as accións formativas e o persoal colaborador de coordinación, así como excepcionalmente, os seus gastos de desprazamento, aloxamento e manutención e outros gastos suplidos que se pretenden xustificar.





No caso de persoal colaborador docente, **sempre que as actividades formativas sexan realizadas por persoas físicas** non é necesario o procedemento de contratación pública para a preparación e adxudicación dos contratos das actividades formativas, amparándonos no artigo 310 na lei de contratos do sector público.

No caso de que o persoal colaborador docente sexan **persoas xurídicas** habería que acudir a un procedemento de contratación específico tal e como se indica no punto 2 “Normativa de aplicación”.

A persoa coordinadora de cada acción formativa notificaralle por medio do “Anexo V-Notificación Nomeamento Persoal Funcionario Colaborador”, ao persoal colaborador funcionario e laboral, que coñece e debe cumprir co establecido no artigo nº 19. h) da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas sobre "a colaboración e a asistencia ocasional a congresos, seminarios, conferencias ou cursos de carácter profesional." Así:

- Debe tratarse dunha colaboración ou participación como asistente, o que significa formar parte dunha actividade ou xunto con outras persoas, non a participación na totalidade da actividade.
- A colaboración ou asistencia ten que ser ocasional, ou esporádica, de modo que implique unha intervención puntual nalgunha parte ou fase da acción.
- Considerarase “colaboración ou participación ocasional ou esporádica” a participación dun máximo de 8 horas sobre unha mesma temática e edición. Se a acción tivese unha duración de 8 horas ou menos, poderá impartirse na súa totalidade.
- Ao persoal funcionario ou laboral da Xunta de Galicia, que colabore no Plan de formación continua ao Agro Galego 2021, non lle serán retribuídas as horas de colaboración realizadas dentro da xornada laboral ordinaria das diferentes unidades administrativas e dos centros de formación e experimentación agraria (CFEA), establecidos regulamentariamente.
- No caso dos centros de formación e experimentación agraria con formación regrada, ás persoas empregadas públicas con horario “especial” que colaboren nalgunha parte dunha acción de formación, poden serlles retribuídas as horas realizadas sempre que se realicen fóra do horario especial que a dirección do centro fixara para ese traballador. Para elo, debe achegar o horario asinado pola dirección do centro.



Será necesario ademais xustificar a idoneidade dos candidatos propostos, é dicir, os méritos dos mesmos, indicando nos apartados correspondentes da plataforma CUAGRO o nivel de formación e a experiencia profesional.

INFORME ANEXO IV_MEMORIA PROPOSTA DOS GASTOS XERAIS

Este informe xérase coa introdución en CUAGRO dos datos das facturas proforma dos provedores desglosadas por conceptos na pestana de Provedores/Facturas.

Desglosos de Facturas						
Factura	Concepto	Cantidad	IVE	Importe Base	Importe IVE	Total
1	PODADERAS	3,00	21	300,0000	63,0000	363,0000

Pódense incluír gastos de material didáctico (incluído o material de prácticas), o alugueiro de maquinaria, gastos dos equipamentos directamente vinculados á actividade formativa, alugueiro de locais, custes relacionados co lugar de realización da actividade, custes de difusión e promoción da actividade e coste do servizo completo (no caso de contratar a unha empresa a impartición da formación).

No suposto de que a acción formativa leve consigo a organización de visitas/viaxes, programadas e autorizadas, a explotacións ou instalacións asociadas ás accións de formación, poderase financiar os custos de desprazamento nun medio de transporte colectivo. A programación das visitas/viaxes colectivas deberá achegarse, para a súa aprobación, no mesmo informe "Memoria proposta dos gastos xerais".

INFORME ANEXO VI_COMUNICACIÓN DE INICIO

En canto a **comunicación de inicio**, empregárase o modelo do [Anexo VI_Comunicación de inicio](#). Para obter este informe de CUAGRO é imprescindible completar os datos correspondentes á pestana de actividade, horarios/módulos formativos e alumnado.

En todo caso, non se poderá comunicar o inicio de ningunha acción formativa sin constar en CUAGRO a relación dun mínimo de 10 solicitudes de asistentes, pertencentes á tipoloxía de destinatarios polos que foi valorada e seleccionada a acción formativa.

Só serán elixibles as actuacións destinadas ás persoas vinculadas profesionalmente e de xeito directo cos sectores produtivos da agricultura, gandería, industria agroalimentaria e cadea forestal-madeira, ou con expectativa de incorporación, en especial mozos/as e mulleres do medio rural galego. Querese dicir con isto, que a finalidade do plan de formación non é a formación do sector servizos sexa público ou privado para o asesoramento ó sector primario ou de 1ª transformación.

Estas accións formativas van dirixidas, tal e como establece o artigo 14.2 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, ás persoas que



desenvolvan as súas actividades nos sectores agrario, alimentario e forestal, cuxo ámbito de actuación sexan zonas rurais.

6.- MODIFICACIÓNS OU ANULACIÓNS NA PROGRAMACIÓN

Calquera cambio na programación (datas previstas, lugar de formación ou coordinación ou temática) solicitarase coa suficiente antelación ao Departamento de Investigación e Transferencia segundo o modelo do [Anexo VII_Solicitud de variacións na acción formativa 2021](#); coa finalidade de achegarlle a información destas incidencias ó gabinete de prensa da consellería. Do mesmo xeito, aquelas accións que fosen aprobadas e que non se poidan realizar, comunicárase, o antes posible, a súa renuncia.

Así mesmo, as accións formativas anuladas deben indicarse na aplicación CUAGRO na pestana de **Actividade** modificando o *Estado* da acción formativa.

A unidade enviará o Anexo VII debidamente cuberto poñendo como ""INTERESADO/ASUNTO"" :

[UNIDADE ADMINISTRATIVA -"FC\(Ano da convocatoria\)\(F\)\(1\)\(Código da provincia\)\(Nº do curso\)\(C\)\(7\)"](#)
EXEMPLOS.

- . OAC ARZÚA - "FC2021F115001C7"
- . OAC A FONSAGRADA - "FC2021F127001C7"
- . OAC A GUDIÑA - "FC2021F132001C7"
- . OAC A CAÑIZA - "FC2021F136001C7"

O nome do arquivo de "Anexo VII_Solicitud de variacións na acción formativa 2021" a engadir no REXEL será:

["FC\(Ano da convocatoria\)\(F\)\(1\)\(Código da provincia\)\(Nº do curso\)\(C\)\(7\).pdf"](#)

O envío farase a través do REXEL: Envíos/XUNTA./Xestión de envíos en Xunta /PR004A

- Área: PR-Presidencia, Admóns
- Procedemento: 004A-presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado.
- C. destino: MR-Medio Rural
- Unidade: A12X00400-Departamento de Investigación e Transferencia.

7.- CONTROL DA ACCIÓN FORMATIVA

- O desenvolvemento, seguimento e control da actividade formativa deberá ser realizado polo **personal coordinador** membro da unidade organizadora e persoal de AGACAL.
- Cada curso, durante o seu desenvolvemento (desde o inicio ata o final, coa realización do correspondente exame se procede), deberá contar cun número mínimo de 10 alumnos pertencentes á tipoloxía de destinatarios polos que foi valorado e seleccionado.
- A duración real dos cursos en horas lectivas, incluíndo as actividades de prácticas e, de ser o



caso, o exame correspondente, non será en ningún caso inferior ao programa aprobado do curso. En cada acción formativa será de obrigado cumprimento o **Anexo VIII_Control de asistencia** dispoñible na plataforma CUAGRO tras a incorporación dos alumnos. Este control de asistencia virá acompañado dunha **reportaxe fotográfica** na que deben quedar identificados os carteis (de cofinanciamento e divulgación da acción formativa) e dar unha referencia dos asistentes.

- En todas aquelas accións formativas que ó longo do proceso de verificación realizado polo persoal da Consellería do Medio Rural designado para iso incumpran algunha das condicións relativas á duración do curso ou cualificación do profesorado modificarase de oficio o seu orzamento ou serán anuladas e non financiadas no marco da presente convocatoria.

8.- MODALIDADE TELEPRESENCIAL

A situación sanitaria actual derivada do COVID-19 pode provocar que en determinados casos, por falta de espazo no local ou simplemente por precaución dos posibles asistentes, a realización presencial dos cursos, non se poida levar a cabo. As tecnoloxías actuais permiten a impartición de cursos en modalidade de telepresencial a través de aplicacións informáticas tipo webinar (WEBEX) ou videoconferencias en plataformas similares como (FALEMOS).

No caso da realización dos cursos en modalidade telepresencial debe garantirse o cumprimento dos seguintes aspectos:

- O persoal coordinador deberá comprobar que a aplicación funciona correctamente ó longo do curso.
- Garantírase que todos os solicitantes teñen acceso ó curso dun xeito correcto. De ser posible, habilitarase un local no lugar donde se prevía impartir o curso e donde poida asistir a xente que non ten acceso ó mesmo a través da web.
- Facilitarase un enlace de acceso ó Departamento de Investigación e Transferencia co fin de ter a posibilidade de participar no curso.
- Co fin de comprobar a asistencia, cada asistente identificarase ó inicio a través do buzón habilitado.
- Establecerase un sistema para poder intervir e poder consultar as dúbidas que xurdan. O coordinador ou persoa en quen delegue (funcionario) fará de moderador cando alguén comunique que quere formular unha pregunta.
- A presente Circular de Xestión xunto coa Circular de Programación FC_1/2021 son os documentos de referencia para a xestión económica administrativa da acción formativa. Tan só, con respecto ó control de asistencia, este será suplido por un informe que deberá facer o moderador do curso.



- A persoa coordinadora realizará un **Informe técnico**, indicando o nº de asistentes e identificación dos mesmos (en base ás presentacións realizadas), adxuntando tamén no mesmo unha declaración que indique o cumprimento das condicións para a súa realización e éxito do curso.
- No caso de que se desexa gravar o curso, será necesaria unha autorización expresa para a gravación de Contido Audiovisual. O uso da imaxe ou da voz dos participantes (persoal colaborador (docencia e coordinación) e alumnado), será principalmente para fins da formación ou da promoción de programas de formación no agro galego impartidos pola Consellería do Medio Rural.

9.- OFICIO DE REMISIÓN A EFECTOS DE XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA

O persoal coordinador do curso remitirá, con carácter xeral **dentro dos 10 días naturais dende a súa finalización**, ó Departamento de Investigación e Transferencia o expediente completo, o cal se formalizará co envío da seguinte documentación, en conformidade o **Anexo XIV - “Oficio de remisión os efectos da xustificación económica”**

- 01. Arquivo en pdf con todas as solicitudes válidas (Anexo I) das persoas que asistiron á acción.
Código do arquivo: “FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(1)”
- 02. Arquivo en pdf con todos os controis de asistencia ou informe técnico para a modalidade telepresencial (Anexo VIII).
Código do arquivo dos controis: “FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(8)”
Código do arquivo da reportaxe fotográfica: “FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(8.1)”
- 03. Arquivo en pdf asinado coa certificación do curso emitido polo responsable da acción formativa (Anexo X).
Código do arquivo: “FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(10)”
- 04. Arquivo en pdf asinado coa relación das nóminas de docencia e coordinación, conformados (Anexo XI).
Código do arquivo: “FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(11)”
- 05. Arquivo en pdf asinado coa relación dos gastos suplidos autorizados, conformados (Anexo XII). Deben remitirse as facturas e tickets orixinais e conformadas destes gastos.
Código do arquivo para o certificado (Anexo XII): “FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da



provincia)(Nº do curso)(C)(12)”

Código do arquivo para as facturas/tickets: “FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)
(Nº do curso)(C)(12.1)”

- 06. Arquivo en pdf asinado coa relación de gastos xerais conformados (Anexo XIII) e con todas as facturas orixinais presentadas en papel que tiveron que ser gravadas por causa excepcional polo coordinador da acción e as gravadas polo provedor a través do SEF. As facturas das viaxes sempre estarán directamente relacionadas co tema do curso.

Código do arquivo para o certificado (Anexo XIII): “FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(13)”

Código do arquivo para as facturas SEF: “FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)
(Nº do curso)(C)(13.1)”

- 07. Arquivo en pdf coas copias cotexadas do CIF ou NIF e certificacións bancarias acreditativas da titularidade da conta corrente consignada para efectuar a transferencia. (Só para aquelas persoas que non estiveran xa rexistradas no ficheiro de terceiros da Xunta de Galicia ou para modificar os datos da conta bancaria).

Código do arquivo: “FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)_NIF_Cert_Conta”

- 08. Arquivo en pdf do Currículo vitae dos docentes que participan por primeira vez nesta convocatoria e título cotexado.

Código do arquivo: “FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)_Apellido_Nome_Currículo”

Non se tramitará o pagamento de ningún expediente incompleto ou que incumpra as condicións establecidas nas correspondentes circulares.

9.1.- PLATAFORMA CUAGRO

Para a realización da xustificación das accións formativas é preciso completar os datos en CUAGRO.

Dende Edición Actividade (Inicio > Accións formativas > Xustificación > Edición Actividade) os coordinadores/as das actividades formativas deben completar todos os datos que a continuación se describen:

- **Ficha:**
 - **Participación e grao de capacitación conseguidos:** Deberá indicarse o nº de mulleres e homes, por rango de idades e nivel de formación previa e o grao de capacitación obtido



(inicial, medio ou nivel de perfeccionamento alto do obxectivo pretendido) así como as observacións máis salientables por parte dos asistentes. O resumo desta información pode obterse do informe “Resume de actividade” dispoñible na última pestana denominada *Informes*.

- **Actividades desenvolvidas:** indicar as máis destacadas (divulgación, demostración, prácticas, visitas...).
- **Alumnos:** Indispensable completar a información relativa á nota, convocatoria, REAGA e Expectativas.
 - **Nota:** Unicamente nos cursos Esixibles a nota será APTO/NON APTO, polo que nos restantes cursos a nota asignada será ASISTENTE/NON PRESENTADO.
 - **Convocatoria:** Seleccionar no despregable o número de convocatoria para cada alumnos.
 - **REAGA e Expectativas:** A plataforma permite a realización da consulta de estes datos ou aportar os datos no caso de que o alumno non permita expresamente a realización de esta consulta.
- **Profesores:** Incorporaranse os **Gastos suplidos polo profesor** (transporte, manutención e aloxamento) segundo criterios fixados na Circular de Programación e facturas e tickets xustificantes do gasto.
- **Provedores/Facturas:** O coordinador modificará os datos correspondentes á proforma, polos datos da/s factura/s (número, data, provedor, IBAN, IVE e **EXCEPCIONALMENTE NALGUNHAS o IRPF**) e o **Desglose de Facturas** (cadro inmediatamente inferior) no que se incorporarán os diferentes conceptos identificados nas facturas. Os datos incorporados deben coincidir exactamente coas facturas dadas de alta no Sistema Electrónico de Facturación. Marcar a casilla correspondente nas facturas de visitas colectivas programadas e debidamente autorizadas.
- **Informes:** A plataforma permite exportar os informes cos datos correspondentes a cada acción formativa. Os informes dispoñibles e necesarios para o solicitante son:
 - Certificado de cumprimento dos requisitos (Anexo X).
 - Relación nómina persoal colaborador (Anexo XI).
 - Certificación gastos suplidos polo persoal colaborador (Anexo XII).
 - Relación de Gastos Xerais (Anexo XIII).
 - Oficio de remisión a efectos de xustificación económica (Anexo XIV). Para obter este informe debe estar validado o curso.
- **Actividade:** Por último, e con anterioridade ao envío da documentación, realizarase a validación do curso en **Validar Actividade** unha vez cubertos os datos de todas as pestanas da xustificación e descargados todos os informes para a tramitación do pagamento da actividade.



9.2.- CRITERIOS PARA O ENVÍO DA XUSTIFICACIÓN

A través do procedemento **PR004A** enviarase o **oficio de remisión de xustificación económica** (Anexo XIV) para o seu control administrativo, que se crea ao validar a acción formativa na aplicación informática de xestión CUAGRO e a documentación segundo o especificado no Anexo XIV.

A unidade enviará no REXEL o Anexo XIV debidamente cuberto por cada acción formativa solicitada, poñendo como “INTERESADO/ASUNTO” :

UNIDADE ADMINISTRATIVA -“FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(14)”

EXEMPLOS:

- . OAC ARZÚA - “FC2021F115001C14”
- . OAC A FONSAGRADA - “FC2021F127001C14”
- . OAC A GUDIÑA - “FC2021F132001C14”
- . OAC A CAÑIZA - “FC2021F136001C14”

O nome do arquivo de “Anexo XIV - “Oficio de remisión os efectos da xustificación económica” a engadir no REXEL será:

“ FC(Ano da convocatoria)(F)(1)(Código da provincia)(Nº do curso)(C)(14).pdf ”

A documentación descrita no punto anterior enviarase por REXEL: Envíos/XUNTA./Xestión de envíos en Xunta /PR004A

- Área: PR-Presidencia, Admóns
- Procedemento: 004A-presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non conten cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado.
- C. destino: MR-Medio Rural
- Unidade: A12X00400-Departamento de Investigación e Transferencia.

https://rexel.xunta.es/rexel/mostrarLogin.action?request_locale=gl



10.- SISTEMA DE FACTURACIÓN

Como norma xeral só se considerará gasto realizado o que foi efectivamente pagado entre a data de aprobación e o 30.10.2021. Excepcionalmente, admitiranse facturas con data do mes de decembro. En todo caso, o importe total das facturas imputadas á acción formativa en ningún caso poderá superar a contía total da axuda aprobada.

Con carácter xeral, os gastos xustificaranse mediante factura ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, entendendo por tal calquera documento presentado para xustificar que a contabilidade reflicte a imaxe fiel da realidade debidamente identificada, selada e asinada polo/a beneficiario/a.

As facturas deben reunir os requisitos establecidos nos artigos 6 e seguintes do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Non se admitirán como xustificantes de gasto albarás, notas de entrega, facturas proforma, tickets ou calquera outro documento que non sexa unha factura cando sexa obrigatorio a expedición desta, nin as facturas que non conteñan todos os requisitos que se citan a continuación para a súa consideración como tal ou cuxa data non se axuste aos prazos citados.

Facturas Electrónicas

a. Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia

